

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN**

RESOLUCIÓN do 1 de marzo de 2022, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, pola que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental, o proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico) e a solicitude de declaración de utilidade pública, en concreto, das instalacións do parque eólico Paraño Oeste, así como a das súas infraestruturas de evacuación, situado nos concellos de Forcarei (Pontevedra) e Beariz (Ourense) e promovido por Eólica Galenova, S.L.U. (expediente IN661A DXIEM-02/11).

Pola Resolución do 22 de setembro de 2021, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, sometéronse a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental, o proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico) e a solicitude de declaración de utilidade pública, en concreto, das instalacións do parque eólico Paraño Oeste, así como a das súas infraestruturas de evacuación, situado nos concellos de Forcarei (Pontevedra) e Beariz (Ourense) e promovido por Eólica Galenova, S.L.U. (expediente IN661A DXIEM-02/11) (DOG nº 192, do 5.10.2021).

De acordo co establecido no artigo 43 da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento de implantación de iniciativas empresariais en Galicia, o Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 17 de xuño de 2021, acordou declarar iniciativa empresarial prioritaria o referido parque eólico e, con base nos artigos 44 da mencionada Lei 5/2017, do 19 de outubro, e 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o 27 de xullo de 2021, a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais resolveu declarar a tramitación de urxencia dos procedementos administrativos correspondentes ao parque eólico, o que supón a redución á metade dos prazos establecidos para o procedemento ordinario, salvo os relativos á presentación de solicitudes e recursos. Por este motivo, a citada información pública fíxose durante o prazo de 15 días.



Vista a Sentenza nº 18/2022, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, e aínda que non adquiriu firmeza e está a ser obxecto de impugnación e discusión en vía de casación pola Xunta de Galicia, con base no principio de seguridade xurídica e por un criterio de precaución, sométense de novo a información pública por un prazo de 30 días a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental, o proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico) e a solicitude de declaración de utilidade pública, en concreto, das instalacións do parque eólico Paraño Oeste, así como a das súas infraestruturas de evacuación.

En cumprimento do disposto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico; na Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, pola Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, e pola Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas; no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica; na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental; e demais normas vixentes de aplicación, sométese a información pública a solicitude relacionada coa instalación que se describe a continuación:

Solicitante/promotor: Eólica Galenova, S.L.U.

Enderezo social: Paseo de la Castellana, 140, 6º C, 28046 Madrid.

Denominación do proxecto: parque eólico Paraño Oeste.

Municipios afectados: Forcarei (Pontevedra) e Beariz (Ourense).

Potencia que se instalará: 49,7 MW.

Produción neta anual estimada: 145.960 MWh/ano.

Orzamento de execución material (sen IVE): 36.061.278,67 €.



Localización (área de afección):

Vértice poligonal	Parque eólico Paraño Oeste	
	ETRS89	
	UTM29N-X	UTM29N-Y
A	557.387	4.706.785
B	554.875	4.705.698
C	554.875	4.705.138
D	556.976	4.702.069
E	558.041	4.702.069
F	560.564	4.706.591
G	560.375	4.706.785

Localización dos aeroxeradores:

Aeroxerador	Parque eólico Paraño Oeste	
	ETRS89	
	UTM29N-X	UTM29N-Y
PÑW-01	559.212,00	4.706.482,00
PÑW-04	558.401,00	4.706.524,00
PÑW-05	558.210,00	4.705.869,00
PÑW-06	558.374,00	4.705.532,00
PÑW-07	558.318,00	4.705.033,00
PÑW-08	558.249,00	4.704.503,00
PÑW-09	558.125,00	4.703.764,00
PÑW-10	558.187,00	4.703.393,00
PÑW-11	557.551,00	4.705.206,00
PÑW-13	556.402,00	4.705.369,00
PÑW-14	556.139,00	4.704.287,00
PÑW-15	556.354,00	4.704.028,00
PÑW-16	556.573,00	4.703.745,00
PÑW-17	556.810,00	4.703.506,00

Localización da subestación:

Subestación	Parque eólico Paraño Oeste	
	ETRS89	
	UTM29N-X	UTM29N-Y
SET	556.576,00	4.703.609,00



Localización das torres meteorolóxicas:

Torres meteorolóxicas	Parque eólico Paraño Oeste	
	ETRS89	
	UTM29N-X	UTM29N-Y
TM1	558.985,00	4.706.700,00
TM2	558.133,00	4.703.119,00

As características técnicas principais das instalacións de xeración, transformación e interconexión do parque eólico, así como as das súas infraestruturas de evacuación incluídas no proxecto, son as seguintes:

- 14 aeroxeradores modelo Siemens Gamesa SG 3.4-132, de 3.550 kW de potencia nominal unitaria, cunha altura de torre de 114 metros e cun diámetro de rotor de 132 metros.

- 14 centros de transformación, instalados unitariamente no interior da góndola de cada aeroxerador, formados por transformadores de 3.900 kVA de potencia nominal e relación de transformación 0,69/30 kV, celas de 30 kV e os correspondentes equipamentos de protección, telemando e demais elementos auxiliares.

- Rede subterránea a 30 kV, con condutor tipo RHZ1 18/30kV Al, para a evacuación da enerxía xerada e interconexión entre os centros de transformación 0,69/30 kV e a subestación transformadora 30/220 kV.

- Dúas torres meteorolóxicas de 120 m de altura.

- Subestación transformadora 30/220 kV, con edificio de control, transformador de potencia trifásico de 50/55 MVA ONAN/ONAF, transformador de servizos auxiliares de 100 kVA de potencia nominal e relación de transformación 30/0,4 kV, equipamentos de seccionamento, medida, protección, telemando e demais elementos auxiliares.

- Conexión da subestación transformadora 30/220 kV do parque eólico coa LAT 220 kV Sub. Albarellos a P.E. Cando (liña existente que discorre próxima ao parque eólico), entre os seus apoios 41 e 42, mediante a instalación dun apoio intermedio denominado N2 e un van aéreo destensado entre este e un apoio de paso aero/subterráneo denominado N1, do que partirá un tramo subterráneo ata a subestación transformadora 30/220 kV do parque eólico. Desta forma, o van 41-42 da LAT 220 kV Sub. Albarellos a P.E. Cando quedará divi-



dido en dous vans: 41- N2 (201,61 m) e N2-42 (210,96 m). O novo apoio N2 será un apoio de «aliñación-amarre».

Órgano competente: o órgano competente para autorizar o proxecto da referida instalación eléctrica é a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais.

Procedemento de avaliación ambiental: o proxecto da referida instalación eléctrica está suxeito a avaliación de impacto ambiental ordinaria, segundo o establecido no artigo 7.1.a) da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

De acordo co disposto polo artigo 33 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, e polas demais normas de aplicación relacionadas ao inicio desta resolución, constitúen o obxecto da información pública os seguintes documentos: proxecto de execución, estudo de impacto ambiental, proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico) e relación de bens e dereitos afectados, a cal figura no anexo que se insire con esta resolución.

Esta documentación estará á disposición dos interesados nas dependencias da Sección de Enerxía das xefaturas territoriais da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación de Pontevedra (avda. M^a Victoria Moreno, 43-5^o, 36071 Pontevedra) e de Ourense (r/ Curros Enríquez, 1-4^o, 32071 Ourense) das 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres, con cita previa, respectivamente, no teléfono 986 80 52 39, e no correo electrónico enerxia-minas.ceei.ourense@xunta.gal ou no teléfono 988 38 67 35, así como nos concellos de Forcarei (Pontevedra) e Beariz (Ourense), e na Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais (Edificio Administrativo San Caetano, s/n, bloque 5, 4^o andar, 15781 Santiago de Compostela) das 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres, con cita previa no correo electrónico subdireccion.enerxia@xunta.gal ou nos teléfonos 981 54 45 79/981 54 55 73. Ademais, tamén se poderá consultar no portal web da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación:

<https://ceei.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-de-xeracion>

O que se fai público para coñecemento xeral e para que as persoas interesadas e os propietarios dos predios e demais titulares de bens e dereitos afectados que figuran na relación que se insire como anexo desta resolución, así como as persoas que, sendo titulares de dereitos reais ou intereses económicos sobre os bens afectados, fosen omitidas, podan examinar os documentos indicados anteriormente e presentar as alegacións que



consideren oportunas no prazo de 30 días, contados a partir da última publicación desta resolución.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2022

Paula Uría Traba
Directora xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais

CVE-DOG: fzm8fdk1-7118-s6o4-z593-opqpysveehm7





ANEXO

Relación de bens e dereitos afectados. Parque eólico Paraño oeste e conexión de evacuación

Termo municipal /Provincia	Datos catastrais				Propietario	Cultivo	Lugar	Ocupacións (m²)								
	Plano	Catastro						S.E.				S.V.		S.P.		O.T.
		Nº	Pol.	Parc.				Subparc.	Subest.	TT.MM.	Zapata	Liña	Plataforma	Aero	Liña	
Forcarei/ Pontevedra	2	100	00101		C.M.V.M.C. Lamas	E - Pasteiros	LG Portela de Lamas-Pardeso							616,38	587,87	
Forcarei/ Pontevedra	3	100	00107	d	C.M.V.M.C. Lamas C.M.V.M.C. Sisto C.M.V.M.C. Fixó-Pardeso	MT Matogueira	Monte Lamas		256,00					1.602,73	332,90	
Forcarei/ Pontevedra	4	100	00107	c	C.M.V.M.C. Lamas C.M.V.M.C. Sisto C.M.V.M.C. Fixó-Pardeso	MT Matogueira	Monte Lamas			298,65		3.076,39	10.500,93	5.662,77	1.572,48	11.556,56
Forcarei/ Pontevedra	5	100	00107	b	C.M.V.M.C. Lamas C.M.V.M.C. Sisto C.M.V.M.C. Fixó-Pardeso	MM Piñeiral madeireiro	Monte Lamas			588,40		8.190,13	14.179,41	11.586,92	5.313,01	18.342,35
Beariz/ Ourense	6	031	00708		C.M.V.M.C. Lebozán e Busto C.M.V.M.C. Lamas	MT Matogueira	Monte Oural			461,37		3.268,93	12.554,53	326,23	3.555,49	9.766,28
Beariz/ Ourense	14	031	00710		C.M.V.M.C. Lebozán e Busto	MT Matogueira	Monte Oural								1,34	
Forcarei/ Pontevedra	16	500	00409		C.M.V.M.C. Sisto	MT Matogueira	Montes de Pardeso						2.872,01	4.656,75	2.290,20	3.478,87
Forcarei/ Pontevedra	18	100	00107	a	C.M.V.M.C. Lamas C.M.V.M.C. Sisto C.M.V.M.C. Fixó-Pardeso	MT Matogueira	Monte Lamas			144,82		710,43	5.685,31	6.598,37	1.401,08	5.235,88
Forcarei/ Pontevedra	19	500	00407	e	C.M.V.M.C. Fixó-Pardeso	MT Matogueira	Montes de Pardeso						1.237,57	29.382,99	8.016,54	1.634,98
Beariz/ Ourense	20	031	00737	c	C.M.V.M.C. A Bouza C.M.V.M.C. Alvite	I- Improdutivo	Monte Oural				199,07		1.873,01	1.766,14	307,90	1.817,12
Beariz/ Ourense	21	031	00737	a	C.M.V.M.C. A Bouza C.M.V.M.C. Alvite	MT Matogueira	Monte Oural			298,65		2.930,48	12.463,83	1.508,77	1.010,14	10.727,18
Beariz/ Ourense	22	031	00738		C.M.V.M.C. A Bouza C.M.V.M.C. Alvite	MT Matogueira	Monte da Bouza						592,54	10.874,30	5.005,05	2.805,28
Beariz/ Ourense	24	032	00940	a	C.M.V.M.C. A Bouza	MT Matogueira	Monte Bouza							115,51		
Beariz/ Ourense	27	029	00395	c	C.M.V.M.C. A Bouza C.M.V.M.C. Alvite	I- Improdutivo	Monte Bouza							6.308,65	1.614,39	162,22





Termo municipal /Provincia	Datos catastrais				Propietario	Cultivo	Lugar	Ocupacións (m²)									
	Plano	Catastro						S.E.				S.V.		S.P.		O.T.	
		Nº	Pol.	Parc.				Subparc.	Subest.	TT.MM.	Zapata	Liña	Plataforma	Aero	Liña		Vía
Beariz/ Ourense	28	029	00395	b	C.M.V.M.C. A Bouza C.M.V.M.C. Alvite	MT Matogueira	Monte Bouza			298,65		3.173,65	10.438,31		7.041,96	2.528,15	10.757,60
Beariz/ Ourense	29	029	00395	a	C.M.V.M.C. A Bouza	MT Matogueira	Monte Bouza		256,00	298,65		3.944,60	10.425,37		2.510,61	1.919,02	9.679,31
Beariz/ Ourense	30	029	00395	d	C.M.V.M.C. A Bouza C.M.V.M.C. Alvite	MT Matogueira	Monte Bouza								751,20		
Beariz/ Ourense	31	029	00395	e	C.M.V.M.C. A Bouza	MT Matogueira	Monte Bouza								530,97		
Beariz/ Ourense	32	029	00409	a	C.M.V.M.C. Alvite	MT Matogueira	Monte Val do Chao								1.605,81	601,15	
Beariz/ Ourense	33	029	00409	b	C.M.V.M.C. Alvite	I- Improdutivo	Monte Val do Chao								1,51		
Forcarei/ Pontevedra	35	117	00595	g	C.M.V.M.C. Fixó-Pardeso C.M.V.M.C. Pousada	MT Matogueira	Monte Pardeso								429,80	392,43	
Forcarei/ Pontevedra	36	117	00595	f	C.M.V.M.C. Fixó-Pardeso C.M.V.M.C. Pousada	I- Improdutivo	Monte Pardeso								78,34	23,37	
Forcarei/ Pontevedra	37	117	00595	e	C.M.V.M.C. Fixó-Pardeso C.M.V.M.C. Pousada	MT Matogueira	Monte Pardeso								13.392,13	4.223,02	1.320,00
Forcarei/ Pontevedra	38	117	00453	b	C.M.V.M.C. Pousada	MT Matogueira	Monte Pousada			298,65		3.053,18	10.572,97		9.337,62	2.092,17	11.466,76
Beariz/ Ourense	39	037	00178		C.M.V.M.C. A Abeleira C.M.V.M.C. Alén	MT Matogueira	Monte Alén						516,87		4.301,50	809,93	80,26
Beariz/ Ourense	40	037	00167	d	C.M.V.M.C. A Abeleira	I- Improdutivo	Monte Abeleira				68,78		643,35		193,10	52,89	331,75
Beariz/ Ourense	41	037	00167	a	C.M.V.M.C. A Abeleira	MT Matogueira	Monte Abeleira			298,65		1.311,38	6.573,54		49,42	142,50	2.809,20
Beariz/ Ourense	42	037	00166		C.M.V.M.C. A Abeleira C.M.V.M.C. Alén	MT Matogueira	Besticob.								46,13		
Beariz/ Ourense	43	032	00931		C.M.V.M.C. A Abeleira C.M.V.M.C. Alén	MT Matogueira	Monte Alén					644,97	1.688,31		6.000,85	3.644,36	3.131,04
Beariz/ Ourense	46	032	00933	a	C.M.V.M.C. A Abeleira C.M.V.M.C. Alén	MT Matogueira	Monte Alén	5310,94		895,56	140,95	9.575,13	32.712,85	300,83	11.501,12	4.445,43	34.922,63
Beariz/ Ourense	47	032	00933	b	C.M.V.M.C. A Abeleira C.M.V.M.C. Alén	I- Improdutivo	Monte Alén	682,32		0,39		692,37	2.632,08		5.295,52	1.019,83	1.693,89
Forcarei/ Pontevedra	48	117	00595	a	C.M.V.M.C. Fixó-Pardeso	Matogueira e carballeira	Montes de Pardeso						3.356,87		717,28	347,19	3.519,03



Termo municipal /Provincia	Datos catastrais				Propietario	Cultivo	Lugar	Ocupacións (m ²)									
	Plano	Catastro						S.E.				S.V.		S.P.		O.T.	
		Nº	Pol.	Parc.				Subparc.	Subest.	TT.MM.	Zapata	Liña	Plataforma	Aero	Liña		Vía
Forcarei/ Pontevedra	49	500	00407	a	C.M.V.M.C. Fixó-Pardeso	Matogueira e carballeira	Montes de Pardeso			298,65		3.022,12	6.774,07		954,82	70,30	6.856,23
Forcarei/ Pontevedra	56	500	00407	b	C.M.V.M.C. Fixó-Pardeso	Matogueira e carballeira	Montes de Pardeso							1.144,02			

<p>S.E.: afeccións en pleno dominio.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Subestación (subest.): subestación eléctrica. - Torres meteorolóxicas (TT.MM.). - Zapata do aeroxerador. - Liña: superficie afectada polos apoios N1 e N2 da liña de conexión. - Plataforma: plataforma de montaxe do aeroxerador. 	<p>S.V.: afeccións por servidume de voo.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Aero: servidume de voo das pas dos aeroxeradores. - Liña: servidume de voo correspondente ao tramo aéreo da liña de conexión entre os apoios N2 e N1. <p>S.P.: afeccións por servidume de paso.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Vía. - Gabia. <p>O.T.: afeccións por ocupación temporal durante as obras.</p>
---	--